



NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia, no Día Mundial da Auga, reivindica os criterios ecolóxicos e éticos para a conservación das augas continentais e os seus ecosistemas.

Santiago, 21 de marzo de 2018.- A auga vense utilizando de maneira cada vez máis diversificada e descontrolada, demostrando co seu desperdicio que a oferta de auga doce en termos absolutos é limitada. Esta limitación ven determinada porque os océanos conteñen o 97,5% de toda a auga e só o 2,5% é auga doce, e máis de dous terzos desta acumúlanse en forma de xeo nos glaciares e por enriba do nivel das neves perpetuas. Do terzo restante, a auga doce máis accesible (ríos, lagos, etc.) representa só un 0,007%. A escaseza de recursos superficiais en moitas rexións levou á sobreexplotación dos acuíferos. Isto trouxo consigo, ademais dun descenso alarmante dos niveis freáticos, á salinización das augas subterráneas por intrusión mariña nas zonas costeiras ou por contaminación por lixiviación de substancias tóxicas desde os campos de cultivo.

Ademais, a oferta vese diminuída pola contaminación crecente, mentres que a demanda non deixa de aumentar. Globalmente, máis do 80% das augas residuais que xeramos volven aos ecosistemas sen ser tratadas ou recicladas. A capacidade técnica e económica para o abastecemento vese progresiva e seriamente limitada, o que fai que a chamada "crise da auga" convértase nun fenómeno inevitable e agudo, de non producirse un cambio na forma de xestión do recurso. A contaminación e a escaseza de auga local deben resolverse sen orzamentos desenvolvimentistas e de crecemento indefinido, senón que débese impor a lóxica conservacionista e de xestión destinada ao aforro.

As intervencións humanas no ciclo da auga (encoros, canalizacións, explotación de acuíferos, procesos industriais en xeral, etc.) teñen un impacto nos grandes equilibrios naturais, primeiro a nivel local, e en última instancia a nivel mundial. A destrución dos bosques e o uso abusivo do formigón provocaron, na maioría das concas fluviais, un aumento do volume e da velocidade do fluxo de auga e dos materiais que transporta. Como consecuencia, prodúcense inundacións máis fortes e, en épocas de seca, unha baixada máis pronunciada das augas; estes cambios nas oscilacións naturais impiden predicir con exactitude o seu alcance e limitan a nosa capacidade para reducir os riscos ou evitar os danos.

A auga é o produto máis consumido do mundo, pero a auga non é só un recurso, senón que é o compoñente básico da biosfera e os ecosistemas acuáticos proporcionan unha rendibilidade para o home moi superior que a que se pode obter en estado degradado. A auga proporciona o benestar da poboación e o crecemento inclusivo, e ten un impacto positivo sobre a vida de miles de millóns de persoas, ao incidir en cuestións que afectan á seguridade alimentaria e enerxética, á saúde humana e ao medio ambiente. O Colexio de Biólogos de Galicia, co gallo do Día Mundial da Auga, quere recalcar que o recoñecemento do valor económico da auga para evitar o seu desperdicio e lograr un maior aproveitamento ten como contrapartida a tentación de establecer un valor para as augas continentais e os seus ecosistemas, pero non é necesario xustificar deste xeito a protección dos seus valores medioambientais cando os criterios ecolóxicos e éticos máis elementais son suficientes para demostrar a súa necesidade de conservación.